

INFORME

Intervención

Exp. núm.: 2023/16408J

Asunto: Informe do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria no proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio 2024

Mónica Legaspi Díaz, interventora xeral da Deputación Provincial de Ourense, en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e ao amparo do disposto no artigo 168.1 e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante), así como no artigo 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RD 500/1990 en diante), emite o seguinte:

INFORME

1. Da normativa aplicable

A normativa aplicable esta constituída basicamente pola lexislación seguinte:

- RD 128/2018.
- TRLRFL.
- RD 500/1990.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF en diante).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (RD 1463/2007 en diante).

- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEOSF.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

2. Do informe do Órgano Interventor

O presente informe vén motivado pola previsión legal recollida no artigo núm. 3 da LOEOSF, segundo o cal a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito subxectivo da dita lei, se realizará nun marco de estabilidade.

Pola súa parte, o artigo 4.1.b) do RD 128/2018 determina que o exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao Órgano Interventor, entre as que se atopa o informe do cumprimento do principio de estabilidade con motivo da aprobación do Orzamento.

Deste modo, en aras de dar cumprimento aos preceptos legais anteriormente referidos, emítese por esta Intervención o informe relativo ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria no proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2024.

3. Do concepto de estabilidade orzamentaria

A LOEOSF ten por obxecto o establecemento dos principios reitores aos que se deberá adecuar a política orzamentaria do Sector Público, orientados á consecución da estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira, como garantes do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española.

Na liña do anterior, e como xa de indicou anteriormente, o artigo núm. 3 da LOEOSF dispón que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito subxectivo da dita lei, se realizará nun marco de estabilidade.

Así, a LOEOSF define o principio de estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural, determinando a obriga de que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do Sector Público, se sometan ao principio de estabilidade orzamentaria.

Pola súa parte, o artigo 16 do RD 1463/2007 dispón que, con motivo da aprobación inicial do Orzamento, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase ao Orzamento Xeral.

Deste modo, analízase deseguido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en relación co proxecto de Orzamento Xeral da entidade para o exercicio 2024.

4. Análise do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2024

O obxectivo de estabilidade orzamentaria vén expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010 en diante).

Para determinar o cumprimento deste obxectivo con motivo da elaboración do Orzamento Xeral da Deputación de Ourense para o exercicio 2024, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario non financeiro e o saldo de contabilidade nacional.

Así, o cálculo da estabilidade obtense mediante a diferenza entre os capítulos 1 a 7 do Estado de Ingresos e os capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos (ambos en termos consolidados), obtendo deste xeito o saldo orzamentario non financeiro, saldo ao que lle aplicaremos os axustes SEC 2010 que procedan, resultando finalmente unha capacidade de financiamento (superávit en termos de contabilidade nacional) ou unha necesidade de financiamento (déficit en termos de contabilidade nacional), en función do signo positivo ou negativo do dito saldo tras o axustes pertinentes.

Os axustes SEC 2010 referidos traen causa nas diferenzas existentes entre a aplicación dos criterios fixados pola ICAL 2013 e os criterios fixados polo SEC 2010.

Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais" (Manual en diante).

Os efectos destes axustes son os seguintes:

Estabilidade	Criterio ICAL	Axuste por diferenza de criterio SEC 2010	Efecto na estabilidade
Capítulos 1 a 7 de ingresos	Imputación e valoración segundo o criterio da ICAL 2013	Maior ingreso	+ (Maior capacidade de financiamento)
		Menor ingreso	- (Menor capacidade de financiamento)
Capítulos 1 a 7 de gastos	Imputación e valoración segundo o criterio da ICAL 2013	Maior gasto	- (Menor capacidade de financiamento)
		Menor gasto	+ (Maior capacidade de financiamento)

Así pois, os principais axustes que procede realizar, como consecuencia das diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, son os que se detallan deseguido:

i. Axuste nos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos

O axuste obedece á diferenza de criterio entre a ICAL 2013 (criterio de devindicación) e o SEC 2010 (criterio de caixa) en relación cos ingresos imputables aos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos.

Deste modo, procede realizar o axuste seguinte, en función da diferenza existente entre os dereitos recoñecidos e os importes recadados, tanto do exercicio corrente como de cerrados, calculados como media aritmética dos tres últimos exercicios liquidados:

Capítulo	Recadación		Dereitos recoñecidos (c)	Axuste a realizar
	Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. I. Impostos directos				+ : se (a + b) > c - : se (a + b) < c.
Cap. II. Impostos indirectos				+ : se (a + b) > c - : se (a + b) < c.

Cap. III. Taxas e outros ingresos				+ : se $(a + b) > c$ - : se $(a + b) < c$.
--	--	--	--	--

ii. Axuste por grao de execución do orzamento

Este axuste consiste en realizar unha análise do grao de execución do estado de gastos e de ingresos dos tres últimos exercicios, o cal obteremos, por unha banda, mediante o cociente entre as obrigas recoñecidas e os créditos iniciais e, doutra banda, mediante o cociente entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións iniciais, procedendo realizar, en función do resultado, os seguintes axustes:

Orzamento	Coefficiente	Axuste
Gastos	>1	Negativo
	<1	Positivo
Ingresos	>1	Positivo
	<1	Negativo

iii. Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao Orzamento

Este axuste obedece á diferenza de criterio entre a ICAL 2013 e o SEC 2010 no tocante ao tratamento dos gastos pendentes de aplicar ao Orzamento (conta 413x):

- Criterio ICAL 2013: os gastos impútanse ao Orzamento cando se devindican e se recoñece formalmente a obriga (prima o recoñecemento da obriga).
- Criterio SEC 2010: os gastos impútanse ao Orzamento cando se devindican (prima o criterio de devindicación).

O axuste determinarase mediante a diferenza entre o saldo inicial e o final da conta 413x, nos termos seguintes:

Diferenza de saldo	Axuste a realizar
Saldo inicial > Saldo final	Axuste positivo pola diferenza de saldo
Saldo final > Saldo inicial	Axuste negativo pola diferenza de saldo

Deste modo, aplicando o anterior aos datos que se desprenden da contabilidade orzamentaria e da contabilidade financeira da Deputación Provincial de Ourense e do organismo autónomo INORDE, resulta o seguinte cálculo da estabilidade orzamentaria:

i. Cálculo da estabilidade orzamentaria respecto do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024

i.1. Saldo orzamentario non financeiro

Concepto	Importe
a. Previsión ingresos capítulos I a VII Orzamento 2024	95.750.000,00 €
b. Créditos previstos capítulos I a VII Orzamento 2024	95.750.000,00 €
c. Saldo orzamentario non financeiro antes de axustes (a-b)	0,00 €

i.2. Axustes SEC 2010

i.2.1. Axuste nos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos

2020

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. I. Impostos directos	4.360.683,16 €	3.874.295,02 €	1.612.645,60 €	5.486.940,62 €	125,83%
Cap. II. Impostos indirectos	4.285.260,81 €	4.285.260,80 €	- €	4.285.260,80 €	100,00%
Cap. III. Taxas e outros ingresos	8.028.152,74 €	6.306.916,04 €	1.065.109,17 €	7.372.025,21 €	91,83%

2021

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. I. Impostos directos	5.021.076,71 €	4.189.657,28 €	618.813,28 €	4.808.470,56 €	95,77%
Cap. II. Impostos indirectos	4.454.415,24 €	4.454.415,24 €	- €	4.454.415,24 €	100,00%
Cap. III. Taxas e outros ingresos	4.679.584,40 €	4.293.655,26 €	892.041,85 €	5.185.697,11 €	110,82%

2022

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. I. Impostos directos	4.323.104,54 €	3.837.360,68 €	749.325,93 €	4.586.686,61 €	106,10%
Cap. II. Impostos indirectos	5.802.056,28 €	5.802.056,28 €	- €	5.802.056,28 €	100,00%
Cap. III. Taxas e outros ingresos	5.286.215,14 €	5.063.637,04 €	366.292,55 €	5.429.929,59 €	102,72%

Capítulo	Media recadación (%)	Axuste (%)	Previsións iniciais	Axuste a realizar
Capítulo I	109,23%	9,23%	5.000.000,00 €	461.505,46 €
Capítulo II	100,00%	0,00 %	4.762.000,00 €	-
Capítulo III	101,79%	1,79%	4.922.150,00 €	87.961,54 €

i.2.2. Axuste por grao de execución do orzamento

- Execución do Orzamento de Gastos

Exercicio	Créditos iniciais 1 a 7	ORN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2020	84.697.799,60 €	92.581.363,89 €	109,31%	-9,31%
2021	78.697.799,60 €	84.467.887,88 €	107,33%	-7,33%
2022	84.697.799,60 €	89.116.488,00 €	105,22%	-5,22%
			Media aritmética	-7,29%

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	Axuste %	Axuste a realizar
Exercicio 2024	95.750.000,00 €	- 7,29 %	-6.976.983,33 €

- Execución do Orzamento de Ingresos

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	DRN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2020	85.400.000,00 €	95.080.370,47 €	111,34%	11,34%
2021	79.400.000,00 €	94.873.060,50 €	119,49%	19,49%
2022	85.400.000,00 €	109.201.194,04 €	127,87%	27,87%
			Media aritmética	19,57%

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	Axuste %	Axuste a realizar
Exercicio 2024	95.750.000,00 €	19,57 %	18.735.083,33 €

i.2.3. Axuste por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento

Non procede realizar este axuste, toda vez que non existen diferenzas entre o saldo inicial e o saldo final da conta 413x.

i.3. Saldo orzamentario non financeiro tras axustes SEC 2010

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsións iniciais capítulos I a VII Orzamento de ingresos 2024	95.750.000,00 €
b) Créditos iniciais capítulos I a VII Orzamento de gastos 2024	95.750.000,00 €
c) Saldo orzamentario non financeiro (a-b)	0,00 €
AXUSTES SEC 2010	
Axustes recadación capítulo I	461.505,46 €
Axustes recadación capítulo II	-
Axustes recadación capítulo III	87.961,54 €
Axuste por grao de execución do orzamento de gastos	-6.976.983,33 €
Axuste por Grao de execución do orzamento de ingresos	18.735.083,33 €
Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
d) Total axustes SEC 2010	12.307.567,00 €
e) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO (c+d)	12.307.567,00 €

ii. Cálculo da estabilidade orzamentaria respecto do Orzamento do INORDE para o exercicio 2024

i.1. Saldo orzamentario non financeiro

Concepto	Importe
a. Previsión ingresos capítulos I a VII Orzamento 2024	2.841.204,00 €
b. Créditos previstos capítulos I a VII Orzamento 2024	2.841.204,00 €
c. Saldo orzamentario non financeiro antes de axustes (a-b)	0,00 €

i.2. Axustes SEC 2010

i.2.1. Axuste nos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos

2020

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. III. Taxas e outros ingresos	6.576,10 €	6.083,23 €	72,60 €	6.155,83 €	93,61%

2021

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. III. Taxas e outros ingresos	4.380,31 €	3.597,08 €	0,00 €	3.597,08 €	82,12%

2022

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Recadación		Total recadación (a+b)	% Recadación
		Corrente (a)	Pechados (b)		
Cap. III. Taxas e outros ingresos	4.359,47 €	3.921,97 €	515,30 €	4.437,27 €	101,78%

Capítulo	Media recadación (%)	Axuste (%)	Previsións iniciais	Axuste a realizar
Capítulo III	92,50%	-7,50%	2.020,00 €	-151,41€

i.2.2. Axuste por grao de execución do orzamento

- Execución do Orzamento de Gastos

Exercicio	Créditos iniciais 1 a 7	ORN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2020	2.105.000,00	1.818.216,95	86,38%	13,62%
2021	1.812.000,00	2.176.544,30	120,12%	- 20,12%
2022	1.926.500,00	2.380.164,78	123,55%	- 23,55%
			Media aritmética	- 10,014%

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	Axuste %	Axuste a realizar
Exercicio 2024	2.841.204,00 €	- 10,014 %	- 284.528,52 €

- Execución do Orzamento de Ingresos

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	DRN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2020	2.110.000,00 €	2.112.162,76 €	100,10%	0,10%
2021	1.812.000,00 €	2.230.894,20 €	123,12%	23,12%
2022	1.926.500,00 €	2.797.620,63 €	145,22%	45,22%
			Media aritmética	22,813%

Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	Axuste %	Axuste a realizar
Exercicio 2024	2.841.204,00 €	22,813 %	648.155,03 €

i.2.3. Axuste por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento

Non procede realizar este axuste, toda vez que non existen diferenzas entre o saldo inicial e o saldo final da conta 413x.

i.3. Saldo orzamentario non financeiro tras axustes SEC 2010

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsións iniciais capítulos I a VII Orzamento de ingresos 2024	2.841.204,00 €
b) Créditos iniciais capítulos I a VII Orzamento de gastos 2024	2.841.204,00 €
c) Saldo orzamentario non financeiro (a-b)	0,00 €
AXUSTES SEC 2010	
Axustes recadación capítulo I	-
Axustes recadación capítulo II	-
Axustes recadación capítulo III	- 151,41 €
Axuste por grao de execución do orzamento de gastos	- 284.528,52 €
Axuste por Grao de execución do orzamento de ingresos	648.155,03 €
Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
d) Total axustes SEC 2010	363.475,10 €
e) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO (c+d)	363.475,10 €

iii. Cálculo da estabilidade orzamentaria en termos consolidados

CONCEPTOS	DPOU	INORDE	Operacións internas	Consolidado
a) Previsións iniciais capítulos I a VII Orzamento de ingresos 2024	95.750.000,00 €	2.841.204,00 €	-2.180.000,00 €	96.411.204,00 €
b) Créditos iniciais capítulos I a VII Orzamento de gastos 2024	95.750.000,00 €	2.841.204,00 €	-2.180.000,00 €	96.411.204,00 €

c) Saldo orzamentario non financeiro	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(a-b)			
AXUSTES SEC 2010			
Axustes recadación capítulo I	461.505,46 €	-	461.505,46 €
Axustes recadación capítulo II	-	-	0,00 €
Axustes recadación capítulo III	87.961,54 €	- 151,41 €	87.810,13 €
Axuste por grao de execución do orzamento de gastos	-6.976.983,33 €	- 284.528,52 €	-7.261.511,85 €
Axuste por Grao de execución do orzamento de ingresos	18.735.083,33 €	648.155,03 €	19.383.238,36 €
Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d) Total axustes SEC 2010	12.307.567,00 €	363.475,10 €	12.671.042,10 €
e) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO (c+d)	12.307.567,00 €	363.475,10 €	12.671.042,10 €

CONCLUSIÓN

O proxecto de orzamento do exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense en termos consolidados axústase ao principio de estabilidade orzamentaria, presentando unha situación de superávit ou de capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A interventora xeral

Mónica Legaspi Díaz